

## Facultade de Belas Artes

### Localización e contacto

Facultade de Belas Artes de Pontevedra

R/ Maestranza, 2  
36002 Pontevedra

986 80 18 00

[bbaa@uvigo.es](mailto:bbaa@uvigo.es)

[belasartes.uvigo.es](http://belasartes.uvigo.es)

### Equipo decanal

#### **Decano**

Xosé Manuel Buxán Bran  
[xmbuxanbran@yahoo.es](mailto:xmbuxanbran@yahoo.es)

#### **Vicedecano de relacións internacionais**

José Antonio Castro Muñiz  
[internacional.bbaa@uvigo.es](mailto:internacional.bbaa@uvigo.es)

#### **Vicedecana de Organización Académica**

Araceli Liste Fernández

#### **Vicedecano de Cultura e Estudantado**

Ignacio Pérez-Jofre Santesmases

#### **Secretaría académica**

María José Fariña Busto

#### **Secretaría do Decanato**

Maximino Villaverde Rodríguez  
sdfba@uvigo.es

---

## Secretaría de alumnado

---

### **Xefa de área académica**

Clara Pérez Quiñones

### **Xefa de negociado da área académica**

Ángeles Santiago Dopazo

Teléfono: 986801805

Fax: 986801883

*secfba@uvigo.es*

### **Horario de atención ó público: de 9:00 a 14:00 h**

---

## Biblioteca

---

Biblioteca da Facultade de Belas Artes

A Biblioteca de Belas Artes forma parte do conxunto da Biblioteca Universitaria de Vigo (BUV) polo que se rexerá polo Regulamento da BUV aprobado en Xunta de Goberno o 27 de febreiro de 2002 e pola Normativa de Préstamo.

### **Fondos**

A Biblioteca de Belas Artes conta con trinta e oito títulos de publicacións periódicas e dezanove mil títulos de monografías, a mioría de acceso directo na sala.

### **Servizos**

Lectura en sala.

Préstamo a domicilio de fondos bibliográficos de tódala Biblioteca Universitaria.

O usuario terá á súa disposición na sala unha fotocopiadora de tarxeta dependente do servizo de reprografía da facultade.

Os servizos máis especializados (como ó acceso a internet para buscas bibliográficas, consulta asistida en bases de datos, etc...) así como a dirección, xestión e coordinación de tódalas bibliotecas do Campus de Pontevedra atópase na Biblioteca Central do Campus.

### **Técnicos especialistas**

Berta Gosende Vidal (quenda de mañá)

Antonio José Rodríguez Fernández (quenda de tarde)

### **Dirección**

Facultade de Belas Artes  
Rúa Maestranza, 2  
36002 Pontevedra  
España

### **Teléfono**

986 801 836

**Correo electrónico**  
presbel@uvigo.es

**Horario**  
Luns a venres de 8.30 h a 20.45 h

### **Catálogo**

O catálogo recolle tódolos fondos da Biblioteca da Universidade de Vigo e pódese consultar a través de internet.



[http://biblio.cesga.es/search\\*gag](http://biblio.cesga.es/search*gag)

### **Redes sociais**



<https://twitter.com/bibbelas>



<https://www.pinterest.com/bibbelas/>

Biblioteca Central do Campus de Pontevedra

### **Dirección**

Faultade de Ciencias Sociais  
Campus Universitario  
36005 Pontevedra  
España

### **Teléfono**

986 802 006

**Correo electrónico**  
dirbcp@uvigo.es

### **Subdirección**

986 801 996  
subdibcp@uvigo.es

### **Hemeroteca**

986 801 996  
hembcp@uvigo.es

### **Referencia**

986 802 001  
refbcp@uvigo.es

### **Catalogación**

986 802 001  
cata1bcp@uvigo.es

## Laboratorios e obradoiros

Obradoiros multiusos

### **Técnicos especialistas responsables**

Fernando Portasany Fernández  
Eduardo Calzado Díaz

### **Horario**

Luns a venres de 10.00 h a 17.00 h



Estes obradoiros están a cargo de técnicos especialistas que supervisan e apoian o traballo de investigadores e estudantes, proporcionando o asesoramento técnico necesario. Os obradoiros están dotados de ferramenta de man e maquinaria específicas.

### **Obradoiro de metal**

Maquinaria e ferramenta para o traballo en metal: ferramenta de corte, pregado, soldadura, taladro, etc.

### **Obradoiro de madeira**

Maquinaria e ferramenta para o traballo da madeira: escuadradoras, serras de disco e cinta, cepilladora, traladros de columna, etc.

### **Obradoiro de cerámica**

Fornos cerámicos, tornos e outros medios para o traballo en barro e a cerámica.

### **Obradoiro de plástico**

Espazo adecuado para aplicar procesos con plásticos e resinas. Maquinaria e ferramenta para manipulación de plásticos.

### **Obradoiro de baleirado e outros procedimentos**

Espazo axeitado para a manipulación de escaiola e materiais similares.

### **Obradoiro de microfusión**

Espazo para técnicas de moldeo especiais, dotado de instalacións de microfusión.

### **Obradoiro de serigrafía**

Infraestrutura e maquinaria para a serigrafía: realización de pantallas por medios fotomecánicos, sistemas informáticos, distintos medios de estampación. Cabina de pintura a pistola. Instalación para aplicar pinturas e vernices con técnicas aerográficas.

Aula de internet

A aula de internet está asistida por un bolseiro da Universidade de Vigo. Nela os estudantes

dispoñen de equipamentos informáticos para a realización de traballos e de acceso a Internet para consultas relacionadas cos seus estudos.



### Laboratorio de audiovisuais

O laboratorio de Audiovisuais está destinado á investigación e á docencia. Dispón de vinte postos dotados con equipamentos de edición dixital.



### Laboratorio de informática

O laboratorio de Informática está destinado á investigación e á docencia. Dispón de vinte postos dotados con equipamentos informáticos para edición de imaxe dixital, 3D, deseño de páxinas Web e tratamento fotográfico dixital.

### Laboratorio de técnicas gráficas

#### **Técnico especialista responsable**

José Angel Zabala Maté

O laboratorio de Técnicas gráficas está destinado á docencia e investigación. Dispón de instalacións para gravado calcográfico.



### Laboratorio de fotografía e vídeo

#### **Técnico especialista responsable**

Andrés Pinal Rodriguez

Espazo de capacidade media. Dotado de diferentes medios de iluminación continua e de flash, tanto cenital coma de chan, móbiles e regulables de forma centralizada. Dispón de paredes con illamento acústico e de paneis móbiles para a elaboración de cromas.



**Máster Universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda**

**Materias**

<b>Curso 1</b>			
Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
P01M171V01101	Estética e Historia da Moda	1c	6
P01M171V01102	Laboratorio de Materiais	1c	6
P01M171V01103	Proxectos de Deseño de Moda I	1c	12
P01M171V01104	Ilustración de Moda	1c	6
P01M171V01201	Laboratorio de Tendencias	2c	6
P01M171V01202	Dirección Creativa para Moda	2c	6
P01M171V01203	Deseño e Contorna Dixital	2c	6
P01M171V01205	Fotografía de Moda	2c	6

<b>Curso 2</b>			
Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
P01M171V01301	Procesos de Investigación e Creación	1c	12
P01M171V01302	Deseño Gráfico para Moda	1c	6
P01M171V01303	Xestión do Deseño	1c	6
P01M171V01304	A Moda: Contorna Profesional	1c	6
P01M171V01305	Liñas de Investigación	1c	3
P01M171V01306	Taller de Investigador Invitado	1c	3
P01M171V01307	Casos de Estudo	1c	3
P01M171V01308	Modelos e Disciplinas Auxiliares	1c	3
P01M171V01401	Deseño de Portfolio	2c	6
P01M171V01402	Prácticas Externas	2c	6
P01M171V01403	Traballo Fin de Máster	2c	18

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Estética e Historia da Moda**

Materia	Estética e Historia da Moda		
Código	P01M171V01101		
Titulación	Máster Universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda		
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso Cuadrimestre
	6	OB	1 1c
Lingua de impartición	Castelán Galego		
Departamento	Debuxo		
Coordinador/a	Dopico Aneiros, María Dolores		
Profesorado	Dopico Aneiros, María Dolores		
Correo-e	lolado@uvigo.es		
Web			

Descrición xeral Relacionados coa evolución da moda como un fenómeno social, político, antropolóxico, semiótico e estético, seguindo unha metodoloxía cronolóxica que incidiría de maneira especial naqueles períodos e personalidades cuxo legado resulta clave para entender o papel que xogou - e segue xogando - a indumentaria no entendemento das sociedades modernas.

### Resultados de Formación e Aprendizaxe

#### Código

A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B2	Coñecer o medio do deseño de moda no contexto cultural contemporáneo dende as ciencias humanas e sociais, baixo unha perspectiva histórica e crítica
B5	Capacidade de síntese, análise e pensamento crítico relacionado coas disciplinas históricas, teóricas e críticas do deseño de moda
C6	Coñecer a teoría e historia do deseño e da moda
C7	Capacidade para desenvolver un pensamento crítico ante as prácticas, tendencias e resultados do deseño de moda, desenvolvendo un criterio persoal fundamentado
C11	Estas familiarizado cos métodos de investigación relevantes en deseño
D1	Capacidade para a comunicación oral e escrita, tanto na propia lingua como en outras
D4	Capacidade de razoamento crítico e autocrítico
D5	Capacidade para a análise e a resolución de problemas, de adaptación a novas situacións e de toma de decisións de xeito creativo e innovador
D8	Capacidade para o traballo, aprendizaxe e xestión da información de xeito autónomo
D9	Capacidade de integración en equipos multidisciplinares

### Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Que os estudantes sexan capaces de coñecer a teoría e a historia do deseño interrelacionándoa cos respectivos procesos sociais, artísticos e culturais.	A2	B13	C12	D1
	A5	B2	C6	D13
		B13	C7	D13
		B13	C12	D13
		B5	C11	D4
		B13	C12	D5
		B13	C12	D8
			C12	D9
			C12	
			C12	
Que os estudantes sexan capaces de coñecer os contidos básicos da historia das ideas estéticas e a súa aplicación no campo das artes occidentais.	A2	B2	C12	D1
	A5	B13	C6	D13
		B13	C7	D13
		B13	C11	D13
		B5	C12	D4
		B13	C12	D5
		B13	C12	D8
		B13		D9
	B13			

### Contidos

#### Tema

Tema 1. Reflexionando sobre a creatividade	Subtema 1. Aprendendo a ler as imaxes Subtema 2. Revolución Francesa e Moda. A moda
Tema 2. Arte e moda no século XIX (I, II e III)	romántica. Visitantes de Marte: Estilo Miriñaque. O novo Rococó: Estilo Polisión. O nacemento da alta costura:
Tema 3. Film Session	Charles F. Worth. O Bloomerismo: Indicios de

Tema 4. Tránsito de século (XIX/XX)	funcionalidade.
Tema 5. Mariano Fortuny i Madrazo	Subtema 3. Cinema e moda no século XIX
Tema 6. Paul Poiret: O fin do corsé	Subtema 4. Talleres Vieneses. Gustav Klimt e a moda
Tema 7. Sobre a identidade	Subtema 5. O valor do multidisciplinar
Tema 8. Introducción. Arte de vangarda e moda (I e II)	Subtema 6. (Con)Tradición e modernidade. Diaghilev e os Ballets Rusos.
Tema 9. Sonia Delaunay	Subtema 7. A construción de identidades icónicas
Tema 10. Moda anos 20	Subtema 8. O artista e o innovador. Moda futurista.
Tema 11. Moda en tempos de guerra	Vangarda rusa e moda.
Tema 12. Moda anos 60 e Posmodernidad	Subtema 9. Utopía e experimentación. Arte e vida. Subtema 10. Elsa Schiaparelli >< Coco Chanel Subtema 11. Christian Dior e o New Look. Cristobal Balenciaga Subtema 12. O nacemento do pret a porter. O tempo do todo vale.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Estudo de casos	8	30	38
Lección maxistral	20	50	70
Saídas de estudo	0	20	20
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	20	22

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnósticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.
Lección maxistral	Exposición de temas presentes nos contidos
Saídas de estudo	Proposta de asistencia a conferencias, exposicións

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Inclúe análises de textos, películas e documentais tirorizados pola profesora.

Probas	Descrición
Exame de preguntas de desenvolvemento	

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Estudo de casos	Proba na que se presenta unha situación ou problemática xa dada ou que pode darse, partindo dos diferentes factores involucrados, a análise dos antecedentes, condicións, da situación, etc.	40	C11 D1 D4 D5 D9
Saídas de estudo	Exercicios relacionados coa lectura e interpretación de imaxes que servirá de práctica da proba final. Pode realizarse grupal ou	20	

	individualmente e concluír cunha exposición oral que permita valorar a capacidade de comunicación do alumnado, entrega de resumos sobre actividades propostas de exposicións ou conferencias	
Exame de preguntas de desenvolvemento	Probas que inclúen preguntas abertas sobre un tema. Os alumnos deben desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia nunha resposta argumentada.	40

#### Outros comentarios sobre a Avaliación

#### PROCESO DE AVALIACIÓN

**1. Exame de preguntas de desenvolvemento (40%).** Probas que inclúen preguntas abertas sobre un tema que o alumnado deberá relacionar, organizar e presentar. O obxectivo da proba é constatar os coñecementos que o alumnado acadou sobre a materia así como a súa capacidade de argumentación. O exame terá lugar ao final do cuadrimestre:

A proba desenvolverase o 27 de xaneiro de 2027 entre as 16.00 e as 18.00 horas no ESPAZO da CLASE.

**2. Estudo de casos (40%).** Proba na que o alumnado deberá analizar grupalmente circunstancias relacionadas co contido da materia para interpretarlas, xerar hipóteses, reflexionar ou completar coñecementos. **3. Resolución de problemas e/ou exercicios (20%).** Exercicio relacionado coa lectura e interpretación de imaxes que servirá de práctica da proba final. Pode realizarse grupal ou individualmente e concluír cunha exposición oral que permita valorar a capacidade de comunicación do alumnado. O estudantado que opte pola modalidade de avaliación global deberá comunicarllo por escrito ao responsable da materia no prazo máximo dun mes dende o inicio da docencia da materia. É obrigatorio acandar un 4 como nota mínima en todas as entregas avaliadas no examen para realizar a media

**CONVOCATORIA DE XULLO :** Segun calendario disponible na web <https://deseno.uvigo.gal/>

#### Bibliografía. Fontes de información

##### Bibliografía Básica

Montfort, Anne; Godefroy, Cécile, **Sonia Delaunay**, Tate Modern, 2014

Andrew Rossi, **The First Monday in May**, 2016

Crystal Moselle, **The Wolfpack**, Kotva Films, Verisimilitude, 2015

VV.AA., **Boticelli Reimagined**, Victoria & Albert Museum, 2016

Margueritte, Victor, **La Garçonne**, Gallo Nero, 2015

VV.AA., **Game Changers - Reinventing the 20 th Century Silhouette**, MoMu, 2016

VV.AA., **Sonia Delaunay. Arte, diseño y moda**, Museo Thyssen Bornemisza, 2017

##### Bibliografía Complementaria

Cerrillo, Lourdes, **La moda moderna. Génesis de un arte nuevo**, Siruela, 2010

Cosgrave, Bronwyn, **Historia de la moda. Desde Egipto hasta nuestros días**, Gustavo Gilli, 2005

Deslandres, Ivonne, **El traje, imagen del hombre**, Tusquets, 1998

Laver, James, **Breve historia del traje y de la moda**, Cátedra, 2003

Lehnert, Gertrud, **Historia de la moda**, Könnemann, 2000

Lipovetsky, Gilles, **El imperio de lo efímero. La moda y su destino en las sociedades modernas**, Anagrama, 2004

Cendán Caaveiro, Susana, **Sonia Delaunay & Alfar: Pasajes de una relación singular**, Abrente. Revista de la Real Academia de Nuestra Se, 2011

---

Damase, Jacques, **Sonia Delaunay. Fashion and Fabrics**, Thames and Hudson, 1991

---

Pritchard, Jane (ed.), **Diaghilev and the Golden Age of the Ballets Russes 1909-1929**, Victoria & Albert Museum, 2010

---

Poiret, Paul, **Vistiendo la época**, Parsifal, 1989

---

Koda, Harold; Bolton, Andrew, **Poiret**, Metropolitan Museum of Art/New Haven: Yale Univers, 2007

---

Cendán Caaveiro, Susana, **Paul Poiret: La construcción de la identidad creativa**, Abrente. Revista de la Real Academia de Nuestra Se, 2015

---

Urrea, Inmaculada, **Coco Chanel. La revolución del estilo**, Cita de letras, 1998

---

Dior, Christian, **Christian Dior y yo**, Gustavo Gilli, 2007

---

Morand, Paul, **El aire de Chanel**, Tusquets, 2009

---

Schiaparelli, Elsa, **Shocking Life. The Autobiography of Elsa Schiaparelli**, Victoria & Albert Museum, 2007

---

E. Blum, Dilys, **Shocking! The Art and Fashion of Elsa Schiaparelli**, Philadelphia Museum of Art/Yale University Press, 2004

---

Wood, Ghislaine (ed.), **Cosas del Surrealismo. Surrealismo y Diseño**, Victoria & Albert Museum/Guggenheim Bilbao, 2007/2008

---

Baudot, Francois, **Moda y Surrealismo**, H. Kliczkowski, 2002

---

Wood, Ghislaine, **The Surreal Body: Fetish and Fashion**, Victoria & Albert Museum, 2007

---

Martin, Richard, **Fashion and Surrealism**, Thames and Hudson, 1996

---

Evans, Caroline; Frankel, Susannah, **The House of Viktor & Rolf**, Barbican/Merrell, 2008

---

VV.AA., **Pain Couture by Jean Paul Gaultier**, Fondation Cartier pour l'art contemporain, 2004

---

Nicolás, María del Mar, **Mariano Fortuny y Madrazo. Entre la modernidad y la tradición**, Fundación Universitaria Española, 2001

---

VV.AA., **Inspiraciones. Mariano Fortuny y Madrazo**, Museo del Traje, 2010

---

Troy, Nancy J., **Couture culture: A Study in Modern Art and Fashion**, MIT Press, 2003

---

Cendán Caaveiro, Susana, **Auto caricaturas de Castelao. La construcción de una identidad icónica**, Quintana: Revista de estudios do Departamento de H, 2015

---

Steel, Valerie; Park, Jennifer, **Gothic: Dark Glamour**, The Museum at Fit, 2009

---

Tupitsyn, Margarita, **Rodchenko&Popva. Defining Constructivism**, Tate Publishing, 2009

---

VV.AA., **Reflecting Fashion: Kunst und Mode seit der Moderne**, MUMOK, 2012

---

VV.AA., **Yves Saint Laurent. Diálogo con el arte**, Fundación Caixa Galicia, 2008

---

Johnston, Lucy, **La moda del siglo XIX en detalle**, Gustavo Gilli, 2006

---

VV.AA., **Maison Martin Margiela "20": The Exhibition**, ModeMuseum, 2008

---

VV.AA., **Anticuerpos. Fernando & Humberto Campana 1989-2009**, Vitra Design Museum/Fundación Pedro Barrié de la M, 2010

---

VV.AA., **Future Beauty. 30 Years of Japanese Fashion**, Barbican/Merrell, 2010

---

Matthews David, A, **Fashion victims: The dangers of dress past and present.**, Bloomsbury Academic, 2015

---

Ford, R. T., **Dress codes: How the laws of fashion made history**, Simon & Schuster., 2021

---

### Recomendacións

#### Materias que continúan o temario

Ilustración de Moda/P01M171V01104  
 Laboratorio de Tendencias/P01M171V01201  
 Fotografía de Moda/P01M171V01205  
 Proxectos de Deseño de Moda I/P01M171V01103  
 Proxectos de Deseño de Moda II/P01M171V01204

#### Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Ilustración de Moda/P01M171V01104  
 Fotografía de Moda/P01M171V01205  
 Laboratorio de Materiais/P01M171V01102

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Dirección Creativa para Moda/P01M171V01202  
Estética e Historia da Moda/P01M171V01101  
Ilustración de Moda/P01M171V01104  
Laboratorio de Materiais/P01M171V01102  
Proxectos de Deseño de Moda I/P01M171V01103  
Proxectos de Deseño de Moda II/P01M171V01204

### **Outros comentarios**

### **DATOS IDENTIFICATIVOS**

#### **Laboratorio de Materiais**

Materia	Laboratorio de Materiais			
Código	P01M171V01102			
Titulación	Máster Universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Debuxo Dpto. Externo			
Coordinador/a	Bandera Vera, Antonio María			
Profesorado	Bandera Vera, Antonio María Outeiro Ferreño, Eduardo Manuel Zabala Mate, José Ángel			
Correo-e	nono@uvigo.es			
Web				

**Descrición xeral** A materia axusta a súa docencia na experimentación e práctica de procedementos de reprodución múltiple. Os contidos artículanse en dúas vertentes, por unha banda, procedementos de estampaxe sobre soporte téxtil - fundamentalmente serigrafía e impresión dixital por sublimación- e por outro, a procedementos de corte láser aplicados ao deseño de moda.

Estimularase ao alumnado para que formule cales son os seus intereses creativos, e desenvolver a súa propia linguaxe artística no campo da moda. Así mesmo, procurarase incentivar a capacidade de investigación e exploración a través dos medios que ofrecen os talleres da Facultade, e que coñeza e domine as maquinarias empregadas, manexándoas co coidado e limpeza que requiren. Por tanto, a materia concíbese como unha aproximación altamente experimental ao deseño gráfico.

### **Resultados de Formación e Aprendizaxe**

#### **Código**

- |    |  |
|----|--|
| A1 | Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.  |
| A2 | Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo. |
| A5 | Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.  |
| B6 | Capacidade para o uso das ferramentas, coñecementos e métodos de creación e investigación que lle permitan desenvolver ao máximo tanto as posibilidades estéticas como formais nos seus deseños  |

B10	Capacidade de aprendizaxe, curiosidade e iniciativa para a adquisición de novos coñecementos e habilidades
B12	Capacidade creativa para xerar silucións orixinais e atopar propostas alternativas
C2	Ser capaz de identificar problemas que se poidan resolver mediante o deseño, plantexalos como problema de deseño, propor un concepto e decidir criterios de formalización, elexindo os materiais a cada caso.
C11	Estas familiarizado cos métodos de investigación relevantes en deseño
D5	Capacidade para a análise e a resolución de problemas, de adaptación a novas situacións e de toma de decisións de xeito creativo e innovador
D6	Sensibilidade hacia os contextos culturais, medioambientais e sociais
D9	Capacidade de integración en equipos multidisciplinares
D12	Capacidade de comprensión e desenvolvemento dos aspectos de usabilidade, acesibilidade e deseño para todos

### Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Que os estudantes sexan capaces de investigar as posibilidades dos tecidos, utilizando o proceso creativo para experimentar, crear e combinar tecidos, explorando a posibilidade de mesturar novos materiais, utilizando procesos artesanais e novos procesos ligados á tecnoloxía.	A1 A2 A5	B6 B10 B12	C2 C11	D5 D6 D9 D12

### Contidos

Tema	
- 1º BLOQUE APLICACIÓNS TEXTIL DE CORTADORA LÁSER / CUBO	3.1. Introducción en máquina de corte con láser 3.2. Preparación do libro de mostras
- 2º BLOQUE ESTARCIDO CORTE LÁSER + PISTOLA + AIRE / CUBO	4.1. Ferramenta. Utensilio para aplicación directa en superficie. 4.2. Plantilla. Elemento plano con cavidades. 4.3. Materiais: bases acuosas ou graxas. 4.4. Elaboracións e Aplicación: · Elaboración dun modelo sinxelo · Elaboración dun modelo con chaves Aplicación de rolos · Aplicación por pulverización · Aplicación directa · Aplicación con máscaras · Efectos por capa
- 3º BLOQUE SERIGRAFÍA / OBRADOIRO DE GRÁFICA	5.1. Iniciación en serigrafía 5.2. Ferramentas: Fitolito / pantalla / emulsión 5.3. Mancha + Trama
- 4º BLOQUE SUBLIMACIÓN / OBRADOIRO GRÁFICA	6.1. Tratamiento de imagen digital 6.2. Tipos de soporte

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	2	0	2
Resolución de problemas	28	0	28
Resolución de problemas de forma autónoma	0	120	120

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición dos principais contidos teóricos da materia con axuda de medios audiovisuais.
Resolución de problemas	Actividades nas que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia.
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumno debe desenvolver de forma autónoma a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios.

<b>Atención personalizada</b>	
<b>Metodoloxías</b>	<b>Descrición</b>
Resolución de problemas	Provocar aprendizaxes significativas, é dicir, relacionar os contidos da materia con temas de actualidade e/ou cos intereses creativos do alumno no ámbito da moda. Estimularase ao alumnado para que formule os seus intereses creativos, e desenvolver a súa propia linguaxe gráfica ligado a outras materias de carácter práctico de primeiro curso como son PROXECTOS DE DESEÑO DE MODA, PROTOTIPADO e ILUSTRACIÓN.
Resolución de problemas de forma autónoma	A intervención dos docentes para partir da análise do coñecemento previo dos alumnos e dun estudo das súas posibilidades. Establecerase un nivel de partida e un nivel de chegada. Procurarase incentivar a capacidade de investigación e exploración do estudante a través dos medios que ofrece o taller, e que coñeza e domine as distintas maquinarias empregadas manexándoas co coidado e limpeza que requiren. A materia concíbese por tanto, como unha aproximación altamente experimental no campo do deseño gráfico e téxtil.

<b>Avaliación</b>				
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Lección maxistral	Valorarase a asistencia e implicación	20	B10 C2	D6 D9 D12
Resolución de problemas	A avaliación será continua cunha Entrega Final que consistirá nun mostrario de resultados conseguidos coa súa ficha técnica correspondente. A cualificación final atenderá os seguintes criterios:  a) Asistencia continuada e dedicación  b) Interese investigador e experimental  c) Resolución material  d) Niveis de complexidade sensible e técnica  e) Interese plástico e expresivo	40	A1 B6 B10 B12	C11 D5 D9
Resolución de problemas de forma autónoma	Valorarase o volume de traballo e a interiorización de usos procedimentales	40	A2 B6 A5 B10	D5 D9

**Outros comentarios sobre a Avaliación**

**Primeira convocatoria:** mércores 27 de xaneiro de 2027 ao 18.30 h

**Segunda convocatoria:** martes 1 de xullo de 2027 ao 13.30 h

O estudante poderá optar por dous sistemas de avaliación:

- AVALIACIÓN CONTINUA: Os estudantes farán periodicamente na aula presentacións dos traballos e exposicións dos resultados durante o transcurso do cuadrimestre.
- AVALIACIÓN GLOBAL: Os estudantes deberán presentar todos os traballos propostos durante curso e o día da proba realizará un exercicio proposto nesa convocatoria.

Na avaliación de Segunda Convocatoria será obrigatoria a entrega dun Mostrario de Resultados conseguidos a partir dos exercicios propostos coa súa ficha técnica correspondente.

---

#### **Bibliografía. Fontes de información**

##### **Bibliografía Básica**

CATAFAL, Jordi y OLIVA, Clara, **El grabado**, Parragón, 2002

CHAMBERLAIN, Walter, **Manual de Grabado en madera y Técnicas Afines**, Hermann Blume, 1988

DAWSON, John, **Guía completa de grabado e impresión. Técnicas y materiales**, Tursen H. Blume, 1996

FAHR-BECKER, Gabriela, **Grabados japoneses**, Taschen, 2002

HAINKE, Wolfgang, **Serigrafía: Técnica, Práctica, Historia**, La Isla, 1989

MARA, Tim, **Manual de Serigrafía**, Blume, 1981

MARTIN, Judy, **Enciclopedia de Técnicas de Impresión**, Acanto, 1994

FERRÓN Miquel, **Así se pinta con aerógrafo**, Parramón, 1987

##### **Bibliografía Complementaria**

---

#### **Recomendacións**

---

#### **Outros comentarios**

HORARIO DE TITORÍAS

Nono Bandera: nonobandera@gmail.com

Eduardo Outeiro:

José Ángel Zabala:

---

#### **DATOS IDENTIFICATIVOS**

##### **Proxectos de Deseño de Moda I**

Materia Proxectos de Deseño de Moda I

Código P01M171V01103

Titulación Máster Universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda

Descritores Creditos ECTS Sinale Curso Cuadrimestre  
12 OB 1 1c

Lingua de impartición Castelán

Departamento Didácticas especiais  
Dpto. Externo

---

Coordinador/a	Varela Casal, Cristina
Profesorado	Froján Resua, Rosario Olmedo Portela, Alfredo Varela Casal, Cristina
Correo-e	cristinavarelacasal@uvigo.es
Web	
Descrición xeral	Fundamentos da investigación en deseño para moda. Referentes. Selección de tema. Enfoque e desenvolvemento de proposta. O caderno de campo en deseño de moda. *Sistematización e tratamento de bosquexos e materiais de investigación. A dirección formal e o desenvolvemento dunha familia de propostas. A selección de tecidos, materiais e procesos construtivos coherentes.

### Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B1	Coñecer o vocabulario e os fundamentos conceptuais do deseño de moda
B9	Capacidade de desenvolver unha gramática visual clara e innovadora
B10	Capacidade de aprendizaxe, curiosidade e iniciativa para a adquisición de novos coñecementos e habilidades
B12	Capacidade creativa para xerar silucións orixinais e atopar propostas alternativas
C1	Capacidade para desenvolver con coherencia un proceso de deseño respostando axeitadamente a un conxunto ordeado de necesidades e requerimentos
C9	Coñecer e ser capaz de aplicar as metodoloxías e tecnoloxías habituais no ámbito do deseño de moda
C11	Estas familiarizado cos métodos de investigación relevantes en deseño
D4	Capacidade de razoamento crítico e autocrítico
D5	Capacidade para a análise e a resolución de problemas, de adaptación a novas situacións e de toma de decisións de xeito creativo e innovador
D7	Motivación pola calidade
D8	Capacidade para o traballo, aprendizaxe e xestión da información de xeito autónomo

### Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Que os e as estudantes sexan capaces de comprender o proceso creativo que hai detrás dunha colección de moda e adquira metodoloxías de investigación e análise para expor un proxecto de deseño de pezas de indumentaria e materializado con parámetros de calidade.	A1 B13 C1 D4
	A6 B13 C12 D5
	A6 B13 C9 D13
	B13 C11 D7
	B13 C12 D13
	B10 C12 D8
	B13 C12 D13
	B13 C12
	B12 C12
	B13 C12
	B13 C12
	B13 C12
	B13 C12
	C12
C12	

Que os e as estudantes sexan capaces de profundar no uso das ferramentas creativas.	B9 B10 B12	C12 C12 C12 C9 C12 C12	D13 D13 D5 D13 D13 D13 D13 D13
Que os e as estudantes sexan capaces de realizar proxectos que impliquen un uso na súa complexidade das técnicas de creación e desenvolvemento do deseño de moda.	A2 B12	B9 C1 C12 C12 C12 C9 C12 C12	D13 D13 D5 D7 D8 D13 D13 D13 D13 D13 D13
Que os e as estudantes sexan capaces de desenvolver un caderno de traballo onde se reflecta o proceso de investigación en deseño.	A1 A6 A2	B1 B10 B12 B13	C1 C12 C9 C11 D13 D4 D5 D7 D8

### Contidos

Tema	
Fundamentos da investigación e desenvolvemento do deseño de moda.	Referentes. Selección de tema. Enfoque e desenvolvemento de proposta
Volumes e forma.	A dirección formal e o desenvolvemento dunha familia de propostas
O caderno de campo en deseño de moda.	A selección de tecidos, materiais e procesos construtivos coherentes.
	Sistematización e tratamento de bosquexos e materiais de investigación.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	4	0	4
Traballo tutelado	60	0	60
Resolución de problemas de forma autónoma	0	210	210
Debate	26	0	26

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición dos principais contidos teóricos da materia con axuda de medios audiovisuais.
Traballo tutelado	Actividades nas que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia.
Resolución de problemas de forma autónoma	alumno debe desenvolver de forma autónoma a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios.

Debate Participación crítica e activa no proceso de desenvolvemento do proxecto persoal

#### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	O caderno de campo e os bosquexos han de estar actualizados e revisaranse habitualmente.

#### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado	Seguimento das entregas intermedias e continua corrección das pezas.	40	A1 B9 C1 D5 A2 B10 C9 D7 B12 C11 D8
Resolución de problemas de forma autónoma	Entregaránse un mínimo de dous volumes/prendas completas desenvolvida Terase en conta: - A orixinalidade das propostas, e a destreza na súa execución - O acabado das pezas - O desenvolvemento das propostas dende unha perspectiva conceptual e formal - O equilibrio entre a achega creativa e a calidade funcional.	40	A2 B9 C1 D5 B12 C9 D7 C11 D8
Debate	É imprescindible asistir ás clases de taller completas. Os debates de análise tanto a partir das propostas propias como as de de todos os exercicios que se están realizando na aula forman parte do plan formativo.	20	

#### Outros comentarios sobre a Avaliación

**Consulta as datas oficiais de exame na páxina web da titulación:**

**<https://deseno.uvigo.gal/>**

**Avaliación continua: Se aplicarán as porcentaxes e conceptos detallados anteriormente**

**Avaliación global: O estudiantado que opte pola modalidade de avaliación global deberá comunicalo por escrito ao responsable da materia nun prazo máximo dun mes desde o inicio da docencia da materia e suporá anulación automática de todas as cualificacións obtidas mediante o método de avaliación continua.**

**Esta modalidade consistirá na entrega dun mínimo de 5 volumes/pezas completas desenvolvidas nas que se terá en conta ao momento de avaliar:**

- **A orixinalidade das propostas e a destreza na súa execución.**
- **O acabado das pezas.**
- **O desenvolvemento das propostas desde unha perspectiva conceptual e formal.**
- **O equilibrio entre a aportaciónn creativa e a calidade funcional**

**\* Ao contactar co profesorado responsable da materia se darán detalles máis concretos sobre o traballo a desenvolver**

## SEGUNDA CONVOCATORIA

### Avaliación continua:

Na convocatoria de xullo se avaliarán as competencias non adquiridas na primeira convocatoria. Se deberá facer entrega do mesmo material solicitado na primeira convocatoria.

**Avaliación global::** O estudantado que opte pola modalidade de avaliación global deberá comunicalo por escrito ao responsable da materia nun prazo máximo dun mes desde o inicio da docencia da materia e suporá a anulación automática de todas as cualificacións obtidas mediante o método de avaliación continua.

Esta modalidade consistirá na entrega dun mínimo de 5 volumes/pezas completas desenvolvidas nas que se terán conta ao momento de avaliar:

- A orixinalidade das propostas e a destreza na súa execución.
- O acabado das pezas.
- O desenvolvemento das propostas desde unha perspectiva conceptual e formal.
- O equilibrio entre a apostación creativa e a calidade funcional.

**\* Ao contactar co profesorado responsable da materia se darán detalles máis concretos sobre o traballo a desenvolver**

---

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

Robert Leach, **The Fashion Resource Book. Research for design**, 1, Thames& Hudson, 2012

Simon Seivewright, **Diseño e investigación**, 1, Gustavo Gili, 2008

Andrea Saltzman, **El cuerpo diseñado**, Paidós, 2004

#### Bibliografía Complementaria

---

### Recomendacións

#### Materias que continúan o temario

Dirección Creativa para Moda/P01M171V01202

Proxectos de Deseño de Moda II/P01M171V01204

---

### Outros comentarios

É unha materia de forte carga práctica. é especialmente importante asistir con regularidade e \*tutorizar constantemente os traballos autónomos.

É fundamental asistir ao seminario téxtil de apoio á construción de pezas.

---

### DATOS IDENTIFICATIVOS

#### Ilustración de Moda

Materia Ilustración de Moda

Código P01M171V01104

Titulación Máster Universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda

Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c

Lingua de impartición      Castelán

Departamento Didácticas especiais

Coordinador/a Ezquieta Llamas, Iciar

Profesorado Ezquieta Llamas, Iciar

Correo-e iciarezquieta@uvigo.es

Web

Descrición xeral A materia de Ilustración de Moda céntrase na representación da figura vestida atendendo fundamentalmente á Forma, Volume, Estrutura, Proporción, Escala, Ritmo e Anatomía, a fin de poder facer fronte aos desafíos de representación gráfica que cada alumno deberá afrontar no exercicio da profesión. Durante o Cuadrimestre o alumno aprenderá ademais, mediante o estudo da figura vestida a resolver con eficacia a representación das distintas texturas, tecidos, pliegues e detalles da vestimenta. Tamén se insistirá na captación do movemento e na aprendizaxe básica do emprego da cor, para o que a materia coordínase coas materias de PROXECTOS DE DESEÑO DE MODA I e II, e DESEÑO E CONTORNA DIXITAL.

### Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código

- A1 Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
- A2 Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
- A5 Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
- B4 Capacidade para aplicar os coñecementos e habilidades adquiridas e resolver problemas nun entorno interdisciplinar do deseño de moda
- B6 Capacidade para o uso das ferramentas, coñecementos e métodos de creación e investigación que lle permitan desenvolver ao máximo tanto as posibilidades estéticas como formais nos seus deseños
- B9 Capacidade de desenvolver unha gramática visual clara e innovadora
- B10 Capacidade de aprendizaxe, curiosidade e iniciativa para a adquisición de novos coñecementos e habilidades
- B12 Capacidade creativa para xerar silucións orixinais e atopar propostas alternativas
- C3 Ser capaz de comprender e comunicar visualmente a información, dominar as técnicas de exposición gráfica de proxectos de deseño
- C4 Capacidade de aplicar sistemas de representación gráfica usados no deseño de moda
- C7 Capacidade para desenvolver un pensamento crítico ante as prácticas, tendencias e resultados do deseño de moda, desenvolvendo un criterio persoal fundamentado
- D4 Capacidade de razoamento crítico e autocrítico
- D5 Capacidade para a análise e a resolución de problemas, de adaptación a novas situacións e de toma de decisións de xeito creativo e innovador
- D7 Moticación pola calidade

### Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Que os estudantes sexan capaces de crear ilustracións de moda da máxima calidade.	A6	B13	C3	D4
	A1	B13	C12	D5
	A6	B4	C4	D7
	A2	B13	C7	
	A6	B6	C12	
	A5	B13		
		B13		

<b>Contidos</b>	
Tema	
DEBUXO	COMPOSICIÓN: VOLUMEN E FORMAS. FIGURA E ESPAZO. TÉCNICAS E PROCEDEMENTOS PLÁSTICOS: O DEBUXO E A ILUSTRACIÓN
TÉCNICA E CONCEPTO NA ILUSTRACIÓN DE MODA	REPRESENTACIÓN GRÁFICAS DE TEXTURAS, ESTAMPACIÓN E TÉXTILES EXPERIMENTACIÓN E PROCEDEMENTOS DE CREACIÓN
ILUSTRACIÓN, CULTURA E MODA	FORMULACIÓN: DESEÑOS /CONCEPTO CREADORES E ILUSTRACIÓN EVOLUCIÓN E ESTILO
PORTFOLIO	INTRODUCCIÓN -EXPERIMENTACIÓN: CONCEPTO, FORMATO E ESTRUCTURA

<b>Planificación</b>			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	5	0	5
Resolución de problemas de forma autónoma	0	60	60
Obradoiro	25	0	25
Estudo previo	0	60	60

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición de os principais contidos teóricos de a materia con axuda de medios audiovisuais.
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumno debe desenvolver de forma autónoma a análise e resolución de os problemas e/ou exercicios.
Obradoiro	Actividades enfocadas ao coñecemento de diversas técnicas de debuxo, e a desenvolver habilidades e destrezas que permitan ao alumnado abordar e proxectar de forma autónoma ideas de deseño de moda.
Estudo previo	Búsqueda de documentación e investigación previa . Traballo autónomo.

<b>Atención personalizada</b>	
Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	Realizaranse actividades de contido máis teórico para abordar problemáticas creativas na formulación de deseños de moda e elaboración do portfolio. O profesor supervisará un a un os distintos exercicios e fará as observacións oportunas en cada caso. Todos os exercicios serán conservados polos alumnos a fin de analizar a súa progresión.
Obradoiro	Dado que gran parte dos contidos son de aptitudes e de <input type="checkbox"/> saber facer <input type="checkbox"/> , é por isto que o tipo de aprendizaxe máis idónea é o baseado na proposta de exercicios e no hábito diario dentro da aula de EXERCICIO → RESOLUCIÓN → CORRECCIÓN → REPETICIÓN. Esta cadea metodolóxica baseada na repetición é o método máis rápido e eficaz de adquirir habilidades, a condición de que o alumnado participe diariamente desta

actividade. Así pois, ao comezo de cada clase o profesor exporá o tema para traballar, para o que ademais dunha exposición realizará unha demostración práctica. A continuación, os alumnos tratarán de aplicar os conceptos explicados nos seus debuxos.

<b>Avaliación</b>			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lección maxistral	Nivel de implicación. resolución de exercicios, probas ou outras actividades propostas nas sesións.	10	
Resolución de problemas de forma autónoma	Resolución material do PORTFOLIO	35	
Obradoiro	A cualificación final atenderá os seguintes criterios:  a) Volume de traballo b) Interese experimental c) Interiorización de usos procedimentales d) Niveis de complexidade sensible e técnica e) Interese plástico e expresivo	35	
Estudo previo	Busca, lectura e traballo de documentación, previo ás clases ou prácticas que realiza o alumnado de forma autónoma.	20	

#### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

A asistencia a clase é importante para o correcto desenvolvemento do curso.

O alumnado que siga a avaliación continua terá que entregar todos o traballos, exercicios e probas para ser avaliado nesta modalidade, así como cumprir coa asistencia obrigatoria.

Para superar a materia será necesario obter unha media de 5 calculando as porcentaxes detalladas en cada un dos bloques de avaliación. É imprescindible ter un 4 como nota mínima en cada un dos bloques para que se proceda a calcular a nota media.

De non ter superada a materia en primeira convocatoria, as competencias non adquiridas serán avaliadas na segunda convocatoria.

**O alumnado que opte pola modalidade non presencial**, (avaliación global) deberá superar unha proba/traballo escrito de contidos que lle dará dereito á valoración do resto de entregas. Para coñecer o detalle dos contidos e avaliación das entregas terán que contactar **ao inicio da materia** co profesorado responsable mediante as titorías.

#### **SEGUNDA CONVOCATORIA**

Os/as alumnos/as que non tiveran asistido ou non cubran a porcentaxe obrigatoria de asistencia durante o curso académico ordinario, deberán superar unha proba escrita de contidos que lles dará dereito á valoración do resto de entregas. Para coñecer o detalle dos contidos e avaliación das entregas terán que contactar ao inicio da materia , co profesorado responsable mediante as titorías.

No caso de alumnos/as, que aínda asistindo regularmente a clase e presentando as entregas parciais puntualmente non logren superar a materia, deberán presentar na segunda convocatoria so aquelas entregas nas que non alcanzasen a nota mínima de 5. As notas das partes aprobadas conservaráselles durante unha convocatoria.

Para consultar as datas de examen: <https://deseno.uvigo.gal>

#### **Bibliografía. Fontes de información**

##### **Bibliografía Básica**

##### **Bibliografía Complementaria**

BAKER, Alex; ROSE, Aaron; STRIKE, Christian, **Beautiful Losers: Contemporary Art and Street Culture**, Distributed Art Pub, 2005

BLACKMAN, C., **100 años de ilustración de moda**, Blume, 2007

BORRELLI, L., **Fashion Illustration Now**, Thames & Hudson, 2000

LAFUENTE, Maite, **Técnicas de ilustración de moda**, Evergreen, 2008

PEACOCK, John, **The Complete Fashion Sourcebook**, Thames and Hudson, 2005

TATHAM, C., SEAMAN, J., **Curso de dibujo de diseño de moda**, Acanto, 2004

ZEEGEN, L., **Principios de ilustración**, Gustavo Gili, 2006

ZHANYANG, Gao, **The Age of Feminine Drawing**, Ginko Press, 2007

#### **Recomendacións**

#### **DATOS IDENTIFICATIVOS**

##### **Laboratorio de Tendencias**

Materia	Laboratorio de Tendencias			
Código	P01M171V01201			
Titulación	Máster Universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Debuxo Dpto. Externo			
Coordinador/a	Dopico Aneiros, María Dolores			
Profesorado	Dopico Aneiros, María Dolores Solveira Losada, Paula Esther			
Correo-e	lolado@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia estrutúrase nunha serie de bloques nos que se pretende facer explícita a relación coas tendencias coa moda e a súa complexidade. Farase uso daquelas ferramentas de estudo e análise de tendencias e aquelas			

ferramentas que son un recurso profesional para observar liñas de cambios de tendencias entre os consumidores así como o seu impacto na industria. Así mesmo achegárase unha visión práctica do "\*coolhunting" realizado nunha contorna 2.0 \*monitorizando o sector da moda, analizando os estilos de vangarda así como os últimos eventos mediáticos. Tentárase dotar dun vocabulario básico empregado na contorna da aplicación das tendencias no contexto da moda

### Resultados de Formación e Aprendizaxe

#### Código

A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
